

ENFERMEIRO/A
1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 e C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que enchese por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De conformidade co artigo 9 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o cesamento do persoal estatutario temporal con nomeamento de interinidade acordarase:

- A) Cando se incorpore persoal fixo, polo procedemento legal ou regulamentariamente establecido.
- B) Cando a praza resulte amortizada.
- C) Cando venza o prazo que expresamente se determine no seu nomeamento.
- D) As respostas a) e b) son correctas.

2. Indique en que empresa existe a obriga de constituir un comité de seguridade e saúde:

- A) Nunha empresa que conte con 25 traballadores.
- B) Nunha empresa que conte con 50 traballadores.
- C) Nunha empresa que conte con 75 traballadores.
- D) As respostas b) e c) son correctas.

3. De conformidade co artigo 7 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que fagan referencia á saúde das persoas só poderán ser recabados, tratados e cedidos cando, por razóns de interese xeral:

- A) Así o dispoña unha lei.
- B) A persoa afectada o consinta expresamente.
- C) Así o acorde a autoridade competente en materia sanitaria.
- D) As respostas a) e b) son correctas.

4. Indique cal das seguintes afirmacións é correcta, en relación aos requisitos para a válida participación nos procesos de selección fixa convocados polo Servizo Galego de Saúde, pola quenda de promoción interna, de conformidade co Decreto 206/2005, do 22 de xullo:

- A) A persoa aspirante debe ter a condición de persoal estatutario fixo doutra categoría de nivel académico igual ou inferior á daquela á que pretende acceder.
- B) A persoa aspirante deberá estar en servizo activo en calquera institución sanitaria do Sistema Nacional de Saúde.
- C) A persoa aspirante debe ter nomeamento como persoal estatutario fixo durante, polo menos, un ano na categoría de procedencia.
- D) As respostas a) e b) son correctas.

5. A Constitución Española de 1978, no seu artigo 9.3 garante:

- A) A retroactividade das disposicións sancionadoras non favorables.
- B) O principio de descentralización administrativa.
- C) O principio de legalidade.
- D) O principio de igualdade.

6. De conformidade co artigo 73 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, as sancións impostas ao persoal estatutario pola comisión de faltas graves prescriben:

- A) Aos 10 anos.
- B) Aos 5 anos.
- C) Aos 2 anos.
- D) Aos 6 meses.

7. O Servizo Galego de Saúde, creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, ten a condición de:

- A) Organismo autónomo de carácter económico.
- B) Sociedade pública.
- C) Organismo autónomo de carácter administrativo.
- D) Empresa Pública.

8. De conformidade co artigo 11 da Lei Xeral de Sanidade, é unha obriga dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario:

- A) Cumprir as prescricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación, así como as específicas determinadas polos servizos sanitarios.
- B) Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das institucións sanitarias.
- C) Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

9. De conformidade co artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, a comunicación de datos de carácter persoal a un terceiro NON esixe o previo consentimento da persoa interesada:

- A) Cando a comunicación teña por destinatario o Defensor do Pobo.
- B) Cando a comunicación teña lugar entre Administracións Públicas e teña por obxecto o tratamento posterior dos datos con fins estatísticos.
- C) Cando se trate de datos recollidos de fontes accesibles ao público.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

10. De conformidade co artigo 10 do Estatuto de Autonomía para Galicia, é unha función do Parlamento de Galicia:

- A) Interpoñer recursos de inconstitucionalidade.
- B) Exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma.
- C) Ostentar a representación ordinaria do Estado en Galicia.
- D) As respostas a) e b) son correctas.

1. No ámbito da lei galega reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o prazo mínimo de conservación da información contida na historia clínica do paciente, que non deba de conservarse indefinidamente, é de:

- A) 1 ano desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- B) 10 anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- C) 5 anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- D) 6 meses desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.

2. De conformidade co artigo 36 da Lei de prevención de riscos laborais, é competencia dos delegados de prevención:

- A) Colaborar coa dirección da empresa na mellora da acción preventiva.
- B) Vixiar e controlar o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
- C) Fomentar a cooperación dos/das traballadores/as na execución da normativa sobre prevención de riscos laborais.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.